

POSIBLES IDEAS PARA UNA HOMILÍA CON NENOS

En ADVENTO proclama... pon o ALTOFALANTE.

1. Ver: Os altofalantes

-A miúdo escoitamos música xuntos ou vemos un vídeo dun cantante que nos gusta no móbil. Se non se oe ben axiña alguén dinos: “Dálle volume!” ou “Enchúfalle os altofalantes!”.

*Prefires escoitar música ti só ou con outros?
Se a canción che gusta, sobes o volume?*

2. XULGAR: María e Sabela poñen o altofalante

+No evanxeo deste domingo, María, tras acoller no seu seo o Neno Xesús, diríxese á casa da súa curmá Sabela para compartir a boa noticia. Dinos o evanxeo que “en *canto Sabela oíu o saúdo de María, saltou a criatura no seu ventre e encheuse do Espírito Santo, e levantando a voz dixo: Bendita ti entre as mulleres, e bendito o froito do teu ventre!*”.

+QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

-Hoxe a mensaxe da Palabra de Deus invítanos a proclamar, a poñer o altofalante. Como?

-María e Sabela **ACOLLEN** a Xesús:

*María dá o seu “Si” ao Anxo, a Deus, e acólleo no seu seo. Sabela acolle o plan de Deus para ser a nai de Xoán.

**Fagamos un esforzo por acoller a Xesús en Nadal, deixémolo entrar e nacer nas nosas vidas, que comparta as nosas ledicias,*

que camiñe connosco. E ao ter a Xesús sentímonos felices por ter crido.

-María e Sabela SON ALTOFALANTES de Xesús:

**María visita á súa curmá, anúncialle a chegada inminente de Xesús e que Deus sempre cumpre as súas promesas, proclámao coa súa vida e o seu servizo.*

**Subamos o volume, acendamos o altofalante para anunciar que Xesús vén e ámanos. Falemos del, o que fai por nós cada día, sexamos as súas testemuñas compartindo, servindo...*

Que podes facer?

3. ACTUAR: Sobe o volume do teu altofalante-

-Acendemos a 4ª candeia da coroa. Terminamos o Belén poñendo o Neno Xesús...

-Dialogamos sobre que aplicacións ten María acesas: a alarma porque non se dorme, o GPS porque se pon en camiño sen perderse, coa lanterna a lume de biqueira iluminando con alegría en todos na casa de Sabela.

-Ten o altofalante a todo volume que Xesús vai nacer e que Deus sempre cumpre as súas promesas.-Falamos de como subir o altofalante dando a noticia de que vén Xesús

Que imos facer?

● LECTURAS

- **MIQUEAS 5,1-4a: De ti sairá o xefe de Israel.**

Isto di o Señor: «E ti, Belén Efratá, pequena entre os clans de Xudá, de ti vou sacar o que vai gobernar Israel; as súas orixes son de outrora, de tempos inmemorables.

Por iso, entregaraos ata que dea a luz a que debe dar a luz, o resto dos seus irmáns volverá xunto cos fillos de Israel.

Manterase firme, pastoreará coa forza do Señor, co dominio do nome do Señor, o seu Deus; instalaranse, xa que o Señor farase grande ata o confín da terra. El mesmo será a paz».

Palabra do Señor.

- **SALMO 79:**

R/. Oh Deus, restáuranos, que brille o teu rostro e nos salve.

- **HEBREOS 10, 5-10: Aquí estou para facer a túa vontade.**

- **LUCAS 1, 39-45: Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor?**

Narrador: Naqueles mesmos días, María levantouse e púxose en camiño de présa cara á montaña, a unha cidade de Xudá; entrou na casa de Zacarías e saudou a Sabela.

Aconteceu que, **en canto Sabela oíu o saúdo de María, saltou a criatura no seu ventre.** Encheuse Sabela do Espírito Santo e, **levantando a voz,** exclamou:

Sabela: -«*Bendita ti entre as mulleres, e bendito o froito do teu ventre! Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor?*

Pois, en canto o teu saúdo chegou aos meus oídos, a criatura saltou de ledicia no meu ventre.

Benaventurada a que creu, porque o que lle dixo o Señor cumprírase».

Palabra do Señor.

(Narrador-Sabela).